



Expediente:2023/SUBDIREC/000009

**Resolución da Concelleira da Área de Promoción da Igualdade, do Benestar, da Saúde e da Economía de concesión dunha subvención directa non prevista nominativamente nos orzamentos municipais a Asociación de persoas con discapacidade “AMIZADE” e de aprobación do convenio de colaboración.**

**INTERESADO: ASOCIACIÓN AMIZADE CIF: G36053445**

**Antecedentes administrativos.**

**Primeiro.-** O Concello de Pontevedra vén colaborando anualmente coa Asociación de persoas con discapacidade “Amizade” dende o ano 2014 para o desenvolvemento de un programa de ocio.

**Segundo.-** No Concello de Pontevedra o Orzamento xeral do exercicio 2022 prorrogado para o ano 2023 contaba nos seus créditos iniciais na aplicación orzamentaria 12-2310-48019 cun crédito de 3.000,00€, co obxectivo de ser adicados ao outorgamento dunha subvención á Asociación de persoas con discapacidade “Amizade” para o desenvolvemento do mencionado programa.

**Terceiro.-** En data 7 de xullo do 2023, a Concelleira da Área de Promoción da Igualdade, do Benestar, da Saúde e da Economía propón que se incoe o procedemento administrativo para levar a cabo un Convenio entre o Concello de Pontevedra e “Amizade” para levar a cabo a canalización da axuda municipal coa que poder desenvolver a actividade social proposta.

**Cuarto.-** En data 1 de setembro do 2023, por parte do Servizo de Benestar Social elabórase unha memoria xustificativa do Convenio proposto.

**Quinto.-** En tanto que se trata dunha subvención directa das previstas no artigo 22.2.c) da Lei 38/2008, de 17 de novembro xeral de subvencións (LXS) en data 7 de novembro do 2023, por parte do Servizo de Benestar Social elabórase unha memoria xustificativa do carácter singular e do interese social que xustifica a dificultade da convocatoria pública da subvención directa non prevista nominativamente nos orzamentos municipais e recollida no Convenio proposto.

**Sexto.-**Dita asociación achega ao expediente a seguinte documentación:

- Estatutos da asociación
- Certificado da xunta directiva, DNI representante e CIF da asociación
- Memoria económica de 2022.
- Memoria de utilidade pública.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil
- Certificados de ausencia de débedas coa Seguridade Social, Axencia Estatal de Administración Tributaria e Axencia Tributaria de Galicia.
- Certificado inscrición no RUEPSS.
- Certificado de inscrición no rexistro de asociacións da Xunta de Galicia.
- Certificado de titularidade de número de conta bancaria.
- Declaración responsable de adicar o importe da subvención aos fins para os que se vai conceder.





**Sétimo.-** Remitido o expediente á Asesoría Xurídica e posteriormente a Intervención Xeral Municipal para a súa fiscalización previa, esta formula unha serie de observacións que teñen a consideración de irregularidade leve que non suspenden o procedemento pero deberán ser tidas en conta. Por parte do servizo de Benestar Social procedese a ter en conta as observacións formuladas.

### **Fundamentos de dereito.**

**Primeiro.-** O artigo 25.1 da Lei 7/1985 do 2 de abril, de bases de réxime local, sinala con carácter xeral que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal.

Así como o disposto no artigo 25.2.e) da mesma norma o Concello exercerá en todo caso como competencias propias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas entre outras a de avaliación e información de situacións de necesidade social e atencións a persoas en situación de risco ou exclusión social.

Pola súa banda, o artigo 26.1.c) da Lei reguladora das bases de réxime local establece a obriga dos municipios con poboación superior a 20.000 habitantes de prestar o servizo de avaliación e información se situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

Por outro lado no artigo 27.1 da mesma norma sinala que:

*“O estado e as Comunidade Autónomas, no exercicio das súas competencias, poderán delegar nos municipios o exercicio das súas competencias.*

*A delegación haberá de mellorar a eficiencia na xestión pública, contribuír a eliminar duplicidades administrativas e ser acorde coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.”*

E o artigo 27.3 da Lei 7/1985 dispón que, *“co obxectivo de evitar duplicidades administrativas, mellorar a transparencia dos servizos públicos e o servizo á cidadanía e, en xeral, contribuír aos procesos de racionalización administrativa, xerando un aforro neto de recursos, a Administración do Estado a das comunidades autónomas, poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:*

*“c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.”*

Por último o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia sinala como competencias dos concellos galegos, entre outras, a de:

*k) A prestación dos servizos sociais e a promoción e reinserción sociais.*

O artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia sinala entre as competencias dos concellos, entre outras, as de:

*“c) A colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas polas mesmas, evitando no posible a duplicidade e infrautilización dos equipamentos sociais.*

*h) O fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.*

*i) A creación, regulación e impulso de mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais.*





*2. Estas competencias exerceranse polos concellos, por si mesmos ou asociados, ou a través das fórmulas de colaboración interadministrativa, a fin de alcanzar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles.”*

**Segundo.-** De acordo co disposto na Disposición adicional cuarta da Lei 5/2014 do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas de entrada en vigor da Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da administración local, *“As competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración local, continuarán sendo prestadas polos municipios en tanto non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto na mesma.”*

**Terceiro.-** O outorgamento de subvencións por parte das entidades locais, como actividade de fomento daquelas cuestións de interese xeral que ao Concello de Pontevedra lle interesa estimular, está prevista e regulada no título II do Regulamento de servizos das entidades locais, de 17 de xuño de 1955.

O artigo 22.2) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, regula con carácter básico que

*“Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:*

*a) As previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.*

*A efectos do establecido no parágrafo anterior, enténdese por subvención prevista nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado aquela en que polo menos a súa dotación orzamentaria e beneficiario aparezan determinados nos estados de gasto do Orzamento. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.*

*b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto á Administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.*

*c) Con carácter excepcional, aqueloutras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.”*

Ademais, no seu artigo 28.1 ao regular o procedemento de concesión directa das subvencións, sinala que:

*“ A resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.*

*Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos xerais do Estado, ou nos das corporacións locais, sen prexuízo do que a este respecto estableza a súa normativa reguladora”*

Dado que se trata dunha subvención directa das previstas no artigo 22.2.c) da LXS, o artigo 67 (básico no seu apartado 1 parágrafo primeiro) do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, preceptúa o seguinte:

*“1. Poderán concederse directamente, con carácter excepcional, as subvencións a que refírese a letra c) do apartado 2 do artigo 22 da Lei Xeral de Subvencións.*





*Na Administración Xeral do Estado, nas Entidades Locais, e nos organismos públicos vinculados ou dependentes daquelas será de aplicación o previsto na Lei Xeral de Subvencións e neste Regulamento, salvo no que nunha e outro afecte a aplicación dos principios de publicidade e concorrencia.*

*2. Consoante o artigo 28.3 da Lei Xeral de Subvencións, na Administración Xeral do Estado e nos organismos públicos dela dependentes ou vinculados, o Consello de Ministros aprobará por Real Decreto, a proposta do Ministro competente e previo informe do Ministerio de Economía e Facenda, as normas especiais reguladoras das subvencións.*

*O citado Real Decreto terá o carácter de bases reguladoras das subvencións que establece, e incluírá os extremos expresados no apartado 3 do artigo 28 da Lei Xeral de Subvencións.*

*3. A elaboración do Real Decreto a que faise referencia no apartado anterior axustátese ao procedemento regulado no artigo 24 de Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.*

*O expediente incluírá, alén dos documentos que se establecen no citado precepto legal, os seguintes:*

*a) Unha memoria do órgano xestor das subvencións, competente por razón da materia, xustificativa do carácter singular das subvencións, das razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario, ou outras que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.*

*b) O informe do Ministerio de Economía e Facenda, que será o último que se emita con carácter previo á elevación do expediente co proxecto de disposición ao Consello de Ministros, a salvo de que sexa preceptivo solicitar ditame do Consello de Estado.*

*4. Se para atender as obrigacións de contido económico que se deriven da concesión das subvencións fose preciso unha previa modificación orzamentaria, o correspondente expediente tramitarase na forma establecida na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, unha vez aprobado o correspondente Real Decreto.”*

A base 40ª de execución do Orzamento xeral establece para as subvencións directas das previstas no artigo 22.2.c) da LXS que:

*“1. De acordo co previsto no artigo 22.2.c da LXS, 67 do RXS e 36.1.c da OXS poderán concederse subvencións directas, que non estando previstas nominativamente nos orzamentos municipais, se acredite un interese público, social, económico ou humanitario, ou outras que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.*

*Na documentación integrante do expediente, ademais da prevista no artigo 12 da OXS deberá incluírse unha memoria do órgano xestor xustificativa do carácter singular das subvencións, das razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario, ou outras que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.*

*2.- Non será aplicable, na tramitación de subvencións directas o límite contido no artigo 36.1.C da OXS”.*

Segundo consta nos feitos, achégase ao expediente unha memoria xustificativa do carácter singular e do interese social que xustifica a dificultade da convocatoria pública da subvención directa recollida no Convenio proposto, na que se motiva o seu carácter de subvención directa do artigo 22.2.c) da LXS, fundamentalmente polo seguinte:

*“A entidade obxecto da presente subvención é a única na cidade que está a prestar nestes momentos o proxecto obxecto da presente subvención, ademais da súa dilatada experiencia neste ámbito e acreditada solvencia no eido das persoas altamente vulnerables e en risco de exclusión social. Este concello está interesado en fomentar esta actividade ao estar incluída no ámbito das súas competencias*





*senaladas anteriormente.*

*A colaboración que pretende realizar este Concello con esta entidade dificulta a súa convocatoria pública xa que só se pode conveniar con ela pois é a única que, non dun xeito absoluto, senón por razóns de eficacia e efectividade, pode realizar a actividade subvencionada.”*

O título III da Ordenanza xeral municipal reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra e os seus Organismos Autónomos, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 17 de setembro do 2004, BOP núm. 190 do 30 de setembro do 2004), regula o procedemento de concesión directa das subvencións.

Por outro lado o artigo 39 sinala que:

*“Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa”*

**Cuarto-** A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas, regula nos artigos 47 a 53 os aspectos xurídicos do convenios sinalando entre outros a definición e tipo de convenios, os requisitos de validez e eficacia, o contido, trámites preceptivos para a subscripción e efectos, extinción e efectos da resolución dos mesmos, e coa seguinte definición:

*“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.*

*Non teñen a consideración de convenios, os Protocolos Xerais de Actuación ou instrumentos similares que comporten meras declaracións de intención de contido xeral ou que expresen a vontade das Administracións e partes subscriutoras para actuar cun obxectivo común, sempre que non supoñan a formalización de compromisos xurídicos concretos e esixibles.*

*Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público.”*

Por outro lado sinálase que: *“Sen prexuízo das especialidades que a lexislación autonómica poida prever, será necesario que o convenio se acompañe dunha memoria xustificativa onde se analice a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, así como o cumprimento do previsto nesta Lei.”*

En canto aos tipos prevese a posibilidade, entre outros a de:

*“c) Convenios asinados entre unha Administración Pública ou organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de Dereito privado.”*

En canto ao prazo de vixencia, o artigo 49.h) sinala que:

*“Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que normativamente se teña previsto un prazo superior. En calquera momento antes do remate do convenio, poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.”*

O artigo 6.2) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sinala que:

*“Estarán tamén excluídos do ámbito da presente Lei os convenios que celebren as entidades do sector público con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, sempre que o seu contido non*





*este comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais.”*

**Quinto.-** O artigo 7.3) da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, sinala que:

*“As disposicións legais e regulamentarias, na súa fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración, así como calquera outra actuación dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta Lei que afecten a gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.”*

**Sexto.-** O artigo 34 da Lei 38/2033, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que ten carácter non básico,preceptúa no seu apartado segundo que a resolución de concesión da subvención conlevará o compromiso do gasto correspondente. O apartado 3 do artigo 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia pronúnciase en términos case idénticos. Consecuentemente, a base 25 de execución do orzamento xeral do ano 2022 sinala no seu apartado segundo que no momento de concesión de subvencións polo importe concedido e no momento do acordo de concesión tramitarase o documento D (Fase de disposición do gasto).

Por outra banda a base 27 de execución do orzamento xeral do ano 2022 recolle literalmente o seguinte:

*“1. Aqueles gastos nos que se coñeza o seu importe e o receptor e aqueles outros que respondan a compromisos legalmente adquiridos pola Corporación, orixinarán a expedición do documento mixto “AD” a principio de exercicio ou desde o momento en que se coñezan, se con anterioridade non se expidiu o documento “A”.*

*2. Suxeitaranse a este procedemento:*

*(...) Subvencións directas, nominativas ou non(...).”*

**Sétimo.-** A competencia para a aprobación do presente expediente está atribuída ao Alcalde que realiza a delegación desta atribución, de conformidade co establecido no Decreto do Alcalde fixando as áreas de goberno, concelleiros responsables das distintas áreas e delegacións de 17 de xuño de 2023, que no parágrafo terceiro do seu apartado terceiro sinala que a concesión de subvencións directas corresponderá aos/as concelleiros/as de goberno delegados de área, segundo o seu ámbito funcional, con independencia da súa contía. E no apartado primeiro punto 7 (aínda que parece que debería ser o 8) crea a Área de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía, e no epígrafe d) lle delega os Servizos Sociais.

Por outro lado, e tendo en conta o artigo 124.4.a) da Lei de bases do réxime local, o artigo 13 do Regulamento orgánico municipal do goberno e da administración do concello de Pontevedra, corresponde ao Alcalde, a formalización do mesmo, dado a súa competencia de representar ao Concello de Pontevedra.

Deberá remitirse o expediente á Asesoría Xurídica en cumprimento do disposto no artigo 56.1.b) do Regulamento Orgánico do Goberno e Administración do Concello de Pontevedra, a continuación deberá remitirse o expediente ao Servizo de Intervención Municipal, para a súa fiscalización previa.

Posteriormente, o convenio debe remitirse para a súa constancia, coordinación e control debido, ao libro rexistro deste tipo de negocios xurídicos, existente neste Concello, ao abeiro do establecido no artigo 144.3 LRXSP.

En consideración a todo o exposto, esta concellaría no exercicio das competencias atribuídas pola lexislación vixente,

**RESOLVE**





**Primeiro.-** Aprobar a concesión dunha subvención directa non prevista nominativamente nos orzamentos municipais a Asociación de persoas con discapacidade “AMIZADE” con NIF G36053445 para levar a cabo o financiamento das actividades de no ano 2023 e cunha achega económica municipal de 3.000,00 €.

**Segundo.-** Aprobar o gasto polo importe e con cargo á aplicación orzamentaria e operación do exercicio vixente que se detalla:

Aplicación	Operación	Importe
12/2310/48019	12023000058963	3.000 €
Total		3.000 €

**Terceiro.-**Aprobar o texto de convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Asociación de persoas con discapacidade “AMIZADE” con NIF G36053445 para levar a cabo o financiamento do programa amocio no ano 2023 cunha achega económica municipal de 3.000,00 € e cuxo texto se atopa no documento co seguinte CSV:O22ZEYKZX9XG9BH3.

**Cuarto.-**Facultar ao Alcalde do Concello de Pontevedra para a súa sinatura.

De todo o cal se informa na data que consta na sinatura electrónica.

